

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 18 DE MAIO DE 2010

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/2171/2009.- Comunidade de Propietarios do edificio sito na rúa Touro nº 14, representada por Dona Elisa Prado Ruel.- Instalación dun ascensor e reforma da instalación de fontanería no edificio sito na rúa de Touro nº 14.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA.-

682/10.- Domingo Carou Agrelo.-Expte. Lic/1351/00 e Lap/197/00..100.000 ptas (601,01 €).-
778/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/928/2001 12.020,24 €.-
779/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/1146/2009 900 €.-
780/10.- Malga, S.L.- Expte. Lic/1781/2009 700 €.-
781/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/637/2008 2.500 €.-
782/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/2180/2009 200 €.-
783/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/539/2009 600 €.-
784/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/2179/2009 400 €.-
785/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/62/2008 1.000 €.-
786/10.- Malga, S. L.- Expte. Lic/2299/2008 2.000 €.-
972/10.- Promociones A Torre de Guimarey, S. L.- Expte. Lic/909/2006 1.500 €.-
968/10.- Ricardo Alvarez González.- Expte. Lic/1642/1998 250.000 ptas (1.502,53 €).-
2230/2009.- Consuelo Martínez Sexto.- Expte. Lic/1771/2008 3.000 €.-
991/10.- Corticela, S. L.- Expte. Lic/14/2003 12.423,60 €.-

OCIHR

LICENZAS.-

LIC/172/2009.- OSCAR CALVIÑO COBELO.- Demolición de edificio na rúa de Ribeira de San Lourenzo, 26

LIC/175/2009.- OSCAR CALVIÑO COBELO.- Licenza de obras para vivenda unifamiliar na rúa de Ribeira de San Lourenzo, 26

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao pago de resto de prezo xusto e xuros no expediente de expropiación para a execución do Vial Sar-Ponte Pedriña.

Abóase o resto de prezo xusto e xuros relativos a 6 parcelas por importe total de 7.705,4 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestructuras relativa ao pago do resto de prezo xusto e xuros da parcela15 do expediente de expropiación para a execución do proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525; saneamento e beirarrúas no núcleo do Eixo.

Acórdase desafectar 396,02 m2 de superficie ocupada da parcela 15 do proxecto de expropiación para a execución de proxecto de obras de paso inferior baixo a N-525, saneamento e beirarrúas do núcleo do Eixo; procédese á execución da resolución do xurado de Expropiación forzosa de Galicia relativa ao prezo xusto e abonar asemade os xuros debidos da parcela 15 por importe de 28.564,69 euros en concepto de principal e xuros; requírese a unha propietaria o reintegro da cantidade de 919,19 euros indebidamente cobrados, vista a proporción de titularidade acreditada sobre a parcela expropiada.

7.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á provisión dun/ha auxiliar administrativo/a para Intervención.

Acórdase a contratación dun traballador con categoría auxiliar administrativo durante un ano, co obxecto de desenvolver o programa consistente nas tarefas de auxilio e colaboración co persoal técnico na implantación da nova estrutura orzamentaria que se deriva da entrada en vigor da Orden EHA/3565/2008.

8 a 50.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios.

51.- Aceptación de cesión de terreo destinado a ampliación ou regularización de viario.

Acéptase a cesión de terreo destinado a ampliación ou regularización do viario en San Pedro de Busto.

52.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego relativa ao apoio dun proxecto empresarial.

Acórdase apoiar o proxecto empresarial FutuRE Solar Térmica como iniciativa local de emprego.

53.- Ratificación da cesión de prazas de aparcamento nos parkings de San Clemente e A Rosa.

Autorízase a cesión dunha praza no aparcamento de San Clemente.

54.- Dar conta da acta da Comisión de Cultura, Educación e Patrimonio Histórico-Artístico da Deputación Provincial da Coruña pola que se ditamina favorablemente o convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña para o financiamento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010.

Dáse conta da devandita acta pola que se aproba o Convenio entre o Concello e Deputación en virtude o cal esta última achega 180.000 euros para o financiamento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2010.

URXENCIAS

1.- Adxudicación provisional do abastecemento nos lugares de A Susana e Marrozos, FES 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa OVIGA, SL, por importe de 258.595,54 euros.

2.- Adxudicación provisional da substitución de materiais e tecnoloxías en rede da auga e alumado público creación de infraestructuras para recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados,e mellora de seguridade vial e mobilidade na rúa López Ferreiro, FES 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa OVIGA, SL, por importe de 196.051,72 euros.

3.-Adxudicación provisional da ampliación de rede de abastecemento no lugar de Lavacolla,FES 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa OVIGA, SL, por importe de 258.645,85 euros.

4.- Adxudicación provisional da substitución de materiais e tecnoloxías de recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados e mellora de seguridade vial na rúa Arzúa (Almáciga) FES 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SA, por importe de 357.194,31 euros.

5.- Adjudicación provisional da mellora do pavillón polideportivo Monte dos Postes, FES 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ, SA por importe de 208.363,36 euros.

6.- Adjudicación provisional do servizo de conserxería e limpeza nos campos de fútbol de Santa Isabel, As Cancelas e polideportivos de Pontepedriña e Lorenzo de la Torre.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa SERVICIOS Y MATERIALES, SA por importe de 53.763,46 euros.

7.- Adjudicación definitiva do servizo de mantemento e conservación dos terreos de xogo dos campos de fútbol de San Lázaro I, San Lázaro II e zonas verdes anexas do campo de Santa Isabel.

Adxudícase definitivamente o contrato de referencia á empresa CESPAS, SA, por importe de 47.900 euros.

8.- Adjudicación provisional da construción do espazo multifuncional no parque de Galeras, FES 2010.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa CONSTRUCCIONES EN PIEDRA SIGRÁS, SL por importe de 193.475,49 euros.

9.- Aprobación de prego e inicio da contratación das obras de ampliación da rede de abastecemento en Reibó (Laraño).

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 71.427,59 euros.